

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 27 DE FEBREIRO DO 2020.****Sesión 02/2020-P**

|  |   |
|--|---|
| <p style="text-align: center;"><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p style="text-align: center;"><b><u>PRESIDENTE</u></b></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández</p> <p style="text-align: center;"><b><u>CONCELLEIROS</u></b></p> <p>D<sup>a</sup> María Pilar Taibo Fernández<br/>D. Xosé Fernando Fariña Andrade<br/>D<sup>a</sup> Rebeca Mouriño Neira<br/>D<sup>a</sup> Ana Paola Mondaca González<br/>D. María Luisa Rúa Prieto<br/>D<sup>a</sup> María Soraya Salorio Porral<br/>D<sup>a</sup> María José García Freire<br/>D. José Luis Tellado Villares<br/>D. José Luis García Pazos<br/>D. Alberto Manuel García Cotelo<br/>D<sup>a</sup> María Pardo Fafián<br/>D. Ramiro Blanco Montero<br/>D<sup>a</sup> Isabel Reimúndez Suárez<br/>D<sup>a</sup> Laura Rodríguez Pena<br/>D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa<br/>D. Bregán Blanco González</p> <p style="text-align: center;"><b><u>INTERVENTOR</u></b></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><b><u>SECRETARIA</u></b></p> <p>D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas</p> | <p>No Salón de Plenos da Casa do Concello de Sada, sendo as 20.00 horas do día xoves 27 de febreiro do 2020, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, quen da fe do acto, reúnen os srs. Concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte orde do día.</p> |
|--|---|

**ORDE DO DÍA:****1º.- APROBACIÓN DE ACTAS.**

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación presentes se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 01/2020, do 30 de xaneiro.

Non habendo intervencións queda aprobada por dezaseis votos a favor e ningún en contra a acta da devandita sesión, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.



## 2º.- TOMA DE POSESIÓN DUNHA NOVA CONCELLEIRA.

Logo de prestar publicamente promesa en forma legal, toma posesión do seu cargo como nova concelleira desta Corporación D<sup>a</sup> María Luísa Rúa Prieto (Sadamaioría).

## 3º.- MODIFICACIÓN DO RÉXIME DAS RETRIBUCIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa núm. 2/2020, do 20 de febreiro, que recolle:

<<**Primeiro** .- Modificar o réxime da antiga concellería delegada da área de Urbanismo, Vivenda e Medioambiente, agora denominada concellería delegada da área de Medio Ambiente e Normalización Lingüística, pasando a réxime de dedicación parcial do 62,5%, cunha dedicación mínima de 5 horas diarias de luns a venres, nos horarios que estableza a Alcaldía, fixando a retribución a percibir por tal concepto nas sumas de 17.500 euros anuais, que se fará efectiva en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes extraordinarias correspondentes aos meses de xuño e decembro.

**Segundo**.- Modificar o réxime da concellería delegada do servizo de Cultura aumentándose a unha dedicación parcial do 62,5%, cunha dedicación mínima de 5 horas diarias de luns a venres, nos horarios que estableza a Alcaldía, fixando a retribución a percibir por tal concepto nas sumas de 17.500 euros anuais, que se fará efectiva en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes extraordinarias correspondentes aos meses de xuño e decembro.

**Terceiro**.- Modificar o réxime da antiga concellería delegada dos servizos de Partición Cidadá, Transparencia, Cooperación e Mocidade, agora denominada concellería delegada dos servizos de Partición Cidadá, Transparencia, Cooperación, Mocidade e Novas Tecnoloxías, aumentándose a unha dedicación parcial do 75%, e cunha dedicación mínima de seis horas diarias de luns a venres, nos horarios que estableza a Alcaldía, fixando a retribución a percibir por tal concepto nas sumas de 21.000 euros anuais, que se fará efectiva en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes extraordinarias correspondentes aos meses de xuño e decembro.

**Cuarto**.- Solicitar, respecto dos cargos anteditos, a alta na Seguridade Social dos concelleiros que os ocupen, asumindo o Concello respecto do mesmo as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social impoñen ás empresas en relación cos seus traballadores, e concretamente o pago da cota empresarial que corresponda.

**Quinto**.- Autorizar o gasto derivado do presente acordo con cargo ás partidas 912.10000 e 912.10001 do vixente Orzamento.

**Sexto**.- Establecer que o réxime retributivo establecido en virtude deste acordo será de aplicación desde esta mesma data para os concelleiros que xa están desempeñando o cargo e dende o mesmo día do nomeamento por decreto de alcaldía no caso da nova concelleira, debéndose aceptar expresamente polos concelleiros e darse conta ao pleno na seguinte sesión ordinaria.

**Sétimo**.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello>>.

A sra. Pardo, do grupo municipal socialista, di que o seu grupo está a favor dunhas asignacións dignas, e aínda que manifesta que a concellería de cultura debера incrementarse máis en tempo de dedicación anuncia o voto favorable do seu grupo.

O sr. Tellado, do grupo municipal do PP, manifesta a súa queixa polo trato ao seu grupo e a sabendas de que vai ser aprobado o punto anuncia que hanse abster.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Abstencións: 5 PP.
- Votos en contra: Non se produciron.

Resultando aprobado o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro** .- Modificar o réxime da antiga concellería delegada da área de Urbanismo, Vivenda e Medioambiente, agora denominada concellería delegada da área de Medio Ambiente e Normalización Lingüística, pasando a réxime de dedicación parcial do 62,5%, cunha dedicación mínima de 5 horas diarias de luns a venres, nos horarios que estableza a Alcaldía, fixando a retribución a percibir por tal concepto nas sumas de 17.500 euros anuais, que se fará efectiva en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes extraordinarias correspondentes aos meses de xuño e decembro.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G010/000002

**Segundo.-** Modificar o réxime da concellería delegada do servizo de Cultura aumentándose a unha dedicación parcial do 62,5%, cunha dedicación mínima de 5 horas diarias de luns a venres, nos horarios que estableza a Alcaldía, fixando a retribución a percibir por tal concepto nas sumas de 17.500 euros anuais, que se fará efectiva en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes extraordinarias correspondentes aos meses de xuño e decembro.

**Terceiro.-** Modificar o réxime da antiga concellería delegada dos servizos de Partición Cidadá, Transparencia, Cooperación e Mocidade, agora denominada concellería delegada dos servizos de Partición Cidadá, Transparencia, Cooperación, Mocidade e Novas Tecnoloxías, aumentándose a unha dedicación parcial do 75%, e cunha dedicación mínima de seis horas diarias de luns a venres, nos horarios que estableza a Alcaldía, fixando a retribución a percibir por tal concepto nas sumas de 21.000 euros anuais, que se fará efectiva en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes extraordinarias correspondentes aos meses de xuño e decembro.

**Cuarto.-** Solicitar, respecto dos cargos anteditos, a alta na Seguridade Social dos concelleiros que os ocupen, asumindo o Concello respecto do mesmo as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social imponen ás empresas en relación cos seus traballadores, e concretamente o pago da cota empresarial que corresponda.

**Quinto.-** Autorizar o gasto derivado do presente acordo con cargo ás partidas 912.10000 e 912.10001 do vixente Orzamento.

**Sexto.-** Establecer que o réxime retributivo establecido en virtude deste acordo será de aplicación desde esta mesma data para os concelleiros que xa están desempeñando o cargo e dende o mesmo día do nomeamento por decreto de alcaldía no caso da nova concelleira, debéndose aceptar expresamente polos concelleiros e darse conta ao pleno na seguinte sesión ordinaria.

**Sétimo.-** Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.

#### **4º.- DACIÓN DE CONTA DA MODIFICACIÓN DOS REPRESENTANTES NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.**

A secretaria e o alcalde dan conta das recentes modificacións efectuadas na representación dos grupos municipais e nas comisións informativas e especial de contas, que se concretan en:

Grupo municipal Socialista: O 21/01/2020 comunícase que María Pardo Fafián pasa a ser a voceira titular do grupo e que Ramiro Blanco Montero intégrase nel como voceiro suplente; e ademais que respectivamente pasan a ser os voceiros titular e suplente na Comisión Informativa Xeral, na Comisión Informativa de Urbanismo e na Comisión Especial de Contas e Facenda.

Grupo municipal de Sadamaioría: O 28/01/2020 comunícase que Xosé Fernando Fariña Andrade pasa a ser o voceiro titular e María Pilar Taibo Fernández a voceira suplente do grupo; que na Comisión Informativa Xeral M. Pilar Taibo Fernández é a voceira titular e Xosé Fernando Fariña Andrade (1º), Rebeca Mouriño Neira (2ª) e Paola Mondaca González (3ª) os voceiro e voceiras suplentes; que na Comisión Informativa de Urbanismo Xosé Fernando Fariña Andrade é o voceiro titular e M. Pilar Taibo Fernández (1ª), Rebeca Mouriño Neira (2ª) e Paola Mondaca González (3ª) as voceiras suplentes; e que na Comisión Especial de Contas e Facenda M. Pilar Taibo Fernández é a voceira titular e Xosé Fernando Fariña Andrade o voceiro e suplente.

O Pleno dáse por decitado.

#### **5º.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL 1P/2020.**

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa núm. 2/2020, do 20 de febreiro, que recolle:

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



<<A autorización, disposición e recoñecemento da obriga polos gastos xustificadas nas facturas incluídas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial polo que, segundo relación que se xunta, se imputa gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por importe de 232.702,21 €>>.

A sra. Taibo, concelleira delegada, entre outras, da área de Facenda, abre o debate expoñendo e solicitando o apoio á proposta.

A sra. Pardo refírese a varios aspectos do informe da Intervención para poñer de manifesto a inviabilidade legal da proposta, anunciando que o seu grupo ha votar en contra.

A sra. Salorio tamén se apoia no dito informe da Intervención para dicir que non apoian a xestión pero que como os provedores municipais non obstante non teñen culpa dela non han votar en contra senón que se han abster.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 SM, 2 BNG, 2 AV).
- Abstencións: 5 PP.
- Votos en contra: 2 PSOE.

Resultando aprobado o seguinte **ACORDO**:

Único.- A autorización, disposición e recoñecemento da obriga polos gastos xustificadas nas facturas incluídas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial polo que, segundo relación que se xunta, se imputa gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por importe de 232.702,21 €.

## 6º.- SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE CESIÓN GRATUÍTA DA CASA DA XUVENTUDE.

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa núm. 2/2020, do 20 de febreiro, que recolle:

<<Primeiro.- Solicitar a cesión gratuíta do inmovible da Casa da Xuventude, referencia catastral 0505801NJ6000N0002TE, que leva anos en posesión deste Concello, albergando primeiro dependencias administrativas, e mesmo unha escola infantil municipal, posteriormente unha biblioteca e dende 2000 adicación exclusiva como Oficina da Xuventude, onde tamén se realizan actividades formativas.

Segundo.- Aceptar que o dito inmovible non se atopa inscrito no Rexistro da Propiedade, co compromiso de inscrición cando pase a formar parte do Patrimonio Municipal.

Terceiro.- Declarar que o orzamento municipal inclúe partidas para o mantemento do devandito edificio, tanto en recursos humanos, como en medios materiais>>.

A sra. Pardo di que o grupo socialista veu pelexando para que a Casa da Xuventude sexa un lugar efectivo de encontro en exclusiva para os mozos e as mozas, polo que votarán a favor.

A sra. Salorio fai referencia a que se está a contestar un ofrecemento da Xunta que ven dende o ano 2015 e que foi reiterado no 2017, anunciando que o seu grupo ha votar a favor.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Abstencións: Non se produciron.
- Votos en contra: Non se produciron.

Resultando aprobado o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Solicitar a cesión gratuíta do inmovible da Casa da Xuventude, referencia catastral 0505801NJ6000N0002TE, que leva aa como Oficina da Xuventude, onde tamén se realizan actividades formativas.nos en posesión deste Concello, albergando primeiro dependencias administrativas, e mesmo unha escola infantil municipal, posteriormente unha biblioteca e dende 2000 adicación exclusiv



Segundo.- Aceptar que o dito inmovible non se atopa inscrito no Rexistro da Propiedade, co compromiso de inscrición cando pase a formar parte do Patrimonio Municipal.

Terceiro.- Declarar que o orzamento municipal inclúe partidas para o mantemento do devandito edificio, tanto en recursos humanos, como en medios materiais.

## **7º.- SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA CESIÓN DE USO DA VIVENDA DO GUARDÉS DO COLEXIO O MOSTEIRÓN AO CONCELLO DE SADA.**

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa núm. 2/2020, do 20 de febreiro, que recolle:

*<<Único.- Solicitar do órgano competente da Xunta de Galicia a cesión de uso da vivenda do guardés do Colexio O Mosteirón, para destinala a servizo público e dedicala ao cumprimento de finalidades públicas de competencia municipal>>.*

Fai a exposición da proposta a sra. Mouriño, concelleira delegada, entre outras, de Participación Cidadá, quen fai referencia á antiga vivenda do guardés, agora da Xunta de Galicia, atopada dentro do colexio O Mosteirón, para rehabilitala para lle poder ofrecer un espazo á asociación de veciños da parroquia, pero tamén que han tratar de conseguir a cesión gratuíta da parcela do ISM tal e como xa se acordou na sesión plenaria do mes de abril do 2019.

A sra. Pardo amósase favorable ás dúas cesións en beneficio do concello e incide especialmente, apoiándose nun informe da Intervención, en que é preciso establecer unha regulamentación para obxectivar as cesións dos usos dos locais públicos de maneira que se permita un acceso en igualdade de condicións a todos os colectivos, e anuncia que han votar a favor da cesión do inmovible.

A sra. Salorio di que se hai un compromiso por parte do xefe territorial, sr. Cabana, debéra estar no expediente e bota de menos máis información e documentación necesaria, que refire, polo que entende que debéra retirarse o punto para completar o que falta e anuncia que noutro caso hanse abster polo imprecisa e incompleta da documentación e xustificación.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Abstencións: 5 PP.
- Votos en contra: Non se produciron.

Resultando aprobado o seguinte **ACORDO**:

*Único.- Solicitar do órgano competente da Xunta de Galicia a cesión de uso da vivenda do guardés do Colexio O Mosteirón, para destinala a servizo público e dedicala ao cumprimento de finalidades públicas de competencia municipal.*

## **8º.- SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DO CAMBIO DE USO PÚBLICO DO BLOQUE NÚM. 1 DA EEI CARNOEDO.**

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa núm. 2/2020, do 20 de febreiro, que recolle:

*<<1º.- Solicitar do órgano competente da Xunta de Galicia a baixa como uso escolar do edificio de titularidade municipal do Colexio Público de Carnoedo que se describe no adxunto informe técnico como Bloque nº 1.*

*2º.- Solicitar a reversión do uso do dito ben a favor do Concello de Sada, sen alteración da súa cualificación xurídica de ben de dominio público destinado a servizo público, para dedicalo ao cumprimento de finalidades públicas de competencia municipal>>.*



A sra. Nogareda, concelleira delegada de Educación e Deporte, expón a proposta do cambio do uso e fai referencia a unha reunión mantida co xefe territorial, sr. Cabana, para os efectos.

A sra. Pardo remítese aos seus argumentos expostos nos puntos anteriores, pregunta se está xa pensado o destino final e de ser o caso cal é, insiste na necesidade dunha regulación antes de calquera cesión e remata anunciando que votarán a favor.

A sra. Salorio di non ter visto informe ningún do sr. Cabana, que hai un erro na proposta xa que o inmovible é un EEI e non un CEIP, que non é viable unha escola unitaria con tres nenos e que non se consultou á asociación de veciños sobre os posibles usos do edificio como se acordara na sesión do 31/01/2019; remata dicindo que votarán a favor, como xa o apoiaron hai trece meses.

O Presidente aclara que non hai ningún compromiso por escrito pero afirma que estas solicitudes veñen ao Pleno logo da aprobación do sr. Cabana, quen dixo que para o caso da de Mosteirón xa podía informar el directamente mentres que para a de Carnoedo necesítase un informe favorable da conselleira que para que se emita é necesario presentar a solicitude.

Aclara tamén que para os efectos do uso e destino final da escola infantil vaise convocar a comisión acordada na sesión do 31/01/2019 e que lle causa moita dor ter que solicitar un cambio do uso dun colexio que funcionou por moitos anos completando a oferta educativa deste concello, ao que non se lle deu a oportunidade dunha ampliación do prazo de matrícula, pero que peor é que estea en estado de abandono.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 5 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Abstencións: Non se produciron.
- Votos en contra: Non se produciron.

Resultando aprobado o seguinte **ACORDO**:

1º.- Solicitar do órgano competente da Xunta de Galicia a baixa como uso escolar do edificio de titularidade municipal do Colexio Público de Carnoedo que se describe no adxunto informe técnico como Bloque nº 1.

2º.- Solicitar a reversión do uso do dito ben a favor do Concello de Sada, sen alteración da súa cualificación xurídica de ben de dominio público destinado a servizo público, para dedicalo ao cumprimento de finalidades públicas de competencia municipal.

## 9º.- CONSTITUCIÓN DA MANCOMUNIDADE AS MARIÑAS.

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa núm. 2/2020, do 20 de febreiro, que recolle:

<<PRIMEIRO.- Incoar expediente de constitución dunha Mancomunidade coa finalidade de que se proceda á extinción do Consorcio As Mariñas conforme a Dereito.

SEGUNDO.- Expresar a vontade de concorrer á Asemblea e designar a Óscar Benito Portela Fernández e María Pilar Taibo Fernández como representante e suplente, respectivamente da Corporación na Comisión xestora que se encargue de elaborar o anteproxecto de Estatutos (que tomará como base os actuais estatutos do consorcio As Mariñas) e de tramitar o procedemento ata a constitución dos Órganos de Goberno da Mancomunidade.

TERCEIRO.- Deixar sen efecto os acordos plenarios anteriores sobre a mancomunidade.

CUARTO.- Facultar ao alcalde-presidente para a xestión e firma de cantos documentos sexan necesarios>>.

O Presidente explica que preferiría crear a área metropolitana pero que o concello de Sada ten que estar coordinado co resto dos concellos da área metropolitana na prestación dos servizos básicos.

A sra. Rodríguez, do grupo municipal do BNG, expón que seguirán a impulsar o modelo de comarcalización,



explica que non están plenamente conformes cos termos da creación desta mancomunidade pero que non a han obstaculizar para facilitar a continuación dos servizos que se prestan polo actual consorcio, que non pode seguir a existir por impedimento da lei estatal, anunciando que polo tanto o seu grupo vaise abster.

A sra. Pardo entende que é por imperativo legal que hai que transformar o consorcio nunha ou dúas mancomunidades, que a decisión maioritaria dos concellos que integran o consorcio é crear a mancomunidade e que Sada non pode quedar fóra, polo que con independencia de que se poidan procurar fórmulas de mellora anuncia que han votar a favor.

O sr. Tellado explica que xa no ano 2015 o grupo municipal do PP votou a favor da incorporación de Sada na mancomunidade mentres que os do PDSP, BNG e PSOE votaran deixalo sobre a mesa e que iso fixo que Sada quedase afastada cando hoxe os estatutos da mancomunidade xa están redactados sen que Sada puidese participar, e anuncia que o seu grupo votará a favor.

O Presidente explica a evolución dicindo que a finais do 2015 volveuse levar o asunto ao Pleno e acordouse entrar na mancomunidade a 9, despois crearon a área metropolitana e agora crean a mancomunidade a 8. Que non lle gusta traer isto ao Pleno e que espera que dure o menos posible pola súa aposta pola área metropolitana pero que Sada non se pode quedar fóra.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 15 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 AV).
- Abstencións: 2 BNG.
- Votos en contra: Non se produciron.

Resultando aprobado o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Incoar expediente de constitución dunha Mancomunidade coa finalidade de que se proceda á extinción do Consorcio As Mariñas conforme a Dereito.

**SEGUNDO.-** Expresar a vontade de concorrer á Asemblea e designar a Óscar Benito Portela Fernández e María Pilar Taibo Fernández como representante e suplente, respectivamente da Corporación na Comisión xestora que se encargue de elaborar o anteproxecto de Estatutos (que tomará como base os actuais estatutos do consorcio As Mariñas) e de tramitar o procedemento ata a constitución dos Órganos de Goberno da Mancomunidade.

**TERCEIRO.-** Deixar sen efecto os acordos plenarios anteriores sobre a mancomunidade.

**CUARTO.-** Facultar ao alcalde-presidente para a xestión e firma de cantos documentos sexan necesarios.

## **10º.- PROPOSTA DE ACORDO EN RELACIÓN COA CONCESIÓN DA TERRAZA, A DESAFECTACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO E A SÚA CESIÓN AO CONCELLO.**

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa núm. 2/2020, do 20 de febreiro, que recolle:

<<1.- *Demandar da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar e Demarcación de Costas de Galicia a resolución expresa de non prórroga e, por tanto, extinción da concesión da Terraza, así como a incoación da desafectación da mesma do dominio público marítimo-terrestre, e a súa posterior cesión ao Concello, todo elo de conformidade coas previsións legais ao respecto e tamén en concordancia cos obxectivos e instrumentos de protección contidos no Decreto 16/2020, do 30 de xaneiro, polo que se declara ben de interese cultural a Terraza de Sada.*

2.- *Dar traslado do seguinte acordo á Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, Demarcación de Costas de Galicia, así como aos grupos parlamentarios das Cortes Xerais do Estado.*

3.- *Facultar á alcaldía-presidencia á execución do presente acordo*>>.

O Presidente abre o debate, e di que traen este acordo ao Pleno porque logo da declaración de BIC despois de 45 anos de incoado o primeiro expediente é a mellor fórmula de preservar o edificio e poñelo en valor.



O sr. Blanco Montero, do grupo municipal Socialista, explica que o seu grupo ten dúbidas legais e éticas porque unha cousa son os terreos e outra o edificio, e que ata que se aclaren os termos legais e morais con respecto do edificio o seu grupo votará en contra.

A sra. García cuestiona o que afirma o grupo de goberno di que hai que efectuar unha modificación puntual no PXOM e que o grupo do PP entende que hai que tratar tres cousas por separado: a desafectación do dominio público, a extinción da concesión e a cesión ao Concello e remata a propoñer unhas modificacións na proposta que de se aceptar votarán a favor e que de non ser así hanse abster.

O Presidente fai unhas aclaracións explicando que haberá que efectuar unha modificación puntual no PXOM así como que entende que logo da extinción da concesión, instada a Costas, e da desafectación dos terreos o propietario do edificio é a administración propietaria dos terreos.

O sr. Blanco Montero volve intervir, avogando por unha solución que satisfaga a todas as partes.

A sra. García volve intervir tamén, insistindo na necesidade da modificación puntual do PXOM.

O Presidente pecha o debate dicindo que descoñece os dereitos dos concesionarios e que é un tema que o terán que tratar con Costas, que o Concello non pode actuar mentres o edificio estea no dominio público marítimo-terrestre e que o que se pide é que logo de terse efectuada a liberación da concesión o edificio, senlleiro, pase á propiedade municipal para o uso público, porque queren que o Concello de Sada teña a titularidade dun BIC ao igual que queren que o outro BIC que hai en Sada sexa tamén de uso público, para xestionalos e poñelos en valor.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 SM, 2 BNG, 2 AV).
- Abstencións: Non se produciron.
- Votos en contra: 7 (5 PP, 2 PSOE).

Resultando aprobado o seguinte **ACORDO**:

- 1.- Demandar da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar e Demarcación de Costas de Galicia a resolución expresa de non prórroga e, por tanto, extinción da concesión da Terraza, así como a incoación da desafectación da mesma do dominio público marítimo-terrestre, e a súa posterior cesión ao Concello, todo elo de conformidade coas previsións legais ao respecto e tamén en concordancia cos obxectivos e instrumentos de protección contidos no Decreto 16/2020, do 30 de xaneiro, polo que se declara ben de interese cultural a Terraza de Sada.
- 2.- Dar traslado do seguinte acordo á Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, Demarcación de Costas de Galicia, así como aos grupos parlamentarios das Cortes Xerais do Estado.
- 3.- Facultar á alcaldía-presidencia á execución do presente acordo.

### **11º.- III PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE SADA 2020-2025.**

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa núm. 2/2020, do 20 de febreiro, que recolle:

<<Único.- Aprobar o III Plan de Igualdade do Concello de Sada para o período 2020 – 2025>>.

A sra. Reimúndez, concelleira delegada de Benestar Social e Igualdade, abre o debate efectuando unha exposición deste plan e solicitando o apoio unánime á proposta.

A sra. Pardo amósase de acordo co exposto pero que lles gustaría que se cumprise ata acadar a igualdade real que non fixese preciso aprobar un cuarto plan de igualdade, anunciando que votarán a favor.





A sra. Salorio di que é un traballo técnico pero que o cumprimento das medidas si depende das decisións políticas, salienta a parte da valoración como o mellor modo de examinar, di que a igualdade é cousa de todos, que queda moito por facer para acadar unha igualdade real e que pensan que é un bo momento para que Sada se integre na rede de concellos adheridos ao sistema VioGén (Sistema de seguimento integral en los casos de Violencia de Género, da Secretaría de Estado de Seguridad do Ministerio del Interior), como xa o teñen solicitado, que entenden que é moi útil para este sistema de igualdade e para a protección contra a violencia de xénero, e anuncia que votarán a favor.

A sra. Mouriño, do grupo municipal de Sadamaioría, entende que o máis importante é a educación na igualdade para acadar unha igualdade real e efectiva e di que han votar a favor.

O Presidente expresa os seus parabéns e os seus agradecementos a todos.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Abstencións: Non se produciron.
- Votos en contra: Non se produciron.

Resultando aprobado o seguinte **ACORDO**:

Único.- Aprobar o III Plan de Igualdade do Concello de Sada para o período 2020 – 2025.

## 12º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

### A. Resolucións da Alcaldía.

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 27 de xaneiro (número 146) ata o 19 de febreiro de 2020 (número 326), que foron postas de manifesto á secretaria da Corporación.

### B.- Mocións.

#### 1ª.- Moción sobre o plan marco da Xunta de Galicia para a mellora de camiños rurais.

A sra. Pardo xustifica a urxencia desta moción, presentada polo grupo municipal socialista o 19/02/2020 (núm. rexistro 202099900000394), en que a Xunta rebaixou nun 25% os fondos destinados ao plan de mellora de camiños rurais na provincia e que malia que Núñez Feijóo falaba dunha lexislatura do rural os feitos reflicten o contrario.

Logo de se someter a votación a urxencia da moción resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

A sra. Pardo procede a dar lectura á dita moción.

A sra. Nogareda expón que non está xustificada esa baixa nos orzamentos, polo que apoian a moción.

A sra. Reimúndez tamén anuncia que han votar a favor.

O sr. Tellado defende a xestión da Consellería do Medio Rural, que o plan foi acordado coa FEGAMP e que neste momento non hai rebaixa ningunha porque o plan que se está a executar é o de 2019-2020.

O sr. Fariña anuncia que han votar a favor.

A sra. Pardo indica que para o 2020-2021 si vai haber rebaixa, que é do que se está a falar, e que a rebaixa é proporcional en todas as comarcas.

O sr. Tellado di que o que se rebaixou foi pola falta de xustificación dos concellos.



O Presidente indica que iso non é así e da a súa explicación.

O sr. Tellado di que se queda co que di a Xunta.

Logo de terse debatido o asunto, procedese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 BNG, 2 AV e 2 PSOE).
- Abstencións: Non se produciron.
- Votos en contra: 5 (PP).

Resultando aprobado o seguinte **ACORDO**:

Único.- Instar ao Goberno galego a non recortar o plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas para o período 2020-2021.

### 2ª.- Moción 8 de marzo.

A sra. Reimúndez xustifica a urxencia desta moción, presentada polo grupo municipal do BNG o 26/02/2020 (núm. rexistro 1466), en que este é o Pleno máis preto do 8 de marzo e que como xa quedou evidenciado no punto sobre o Plan de Igualdade aínda hai moito por facer.

Logo de se someter a votación a urxencia da moción resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

A sra. Reimúndez procede a dar lectura á dita moción.

A sra. Nogareda logo de amosar o seu acordo coas diversas intervencións dos grupos municipais no que atinxe á igualdade anuncia que han votar a favor.

A sra. Pardo tamén se amosa conforme coas intervencións e di dos socialistas que son feministas e concienciados cos dependentes e os seus cuidadores pero tamén que hai que predicar co exemplo e que se deba facilitar a utilización do fondo social por parte dos empregados municipais e non para outros fins así como que tamén se debe adaptar a RPT ás necesidades reais do concello, e remata anunciando o voto favorable do seu grupo.

A sra. Salorio solicita unha votación separada por apartados, explicando en cada caso o que estarían dispostos a votar a favor, transaccionar ou rexeitar do texto da moción con base no reparto competencial, entra en debate coa sra. Reimúndez e finalmente anuncia que de se votar por puntos votarán a favor do punto 1 e se se modifica un pouco tamén do punto 2.

O sr. Fariña anuncia que Sadamaioría ha votar a favor.

O Presidente entende que os puntos van conxugados, polo que non accede á votación por puntos.

Logo de terse debatido o asunto, procedese á súa votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Abstencións: Non se produciron.
- Votos en contra: 5 (PP).

Resultando aprobado o seguinte **ACORDO**:

1.- Recoñecer e apoiar as convocatorias do feminismo galego auto-organizado que neste 2020 colocan no centro do debate os cuidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, que non podería sosterse sen cuidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, comprometéndose a traballar para que os poderes públicos contribúan a superar esta situación.

2.- Demandar da Xunta de Galiza o seu compromiso coa realización de estudos periódicos sobre o valor social e económico do traballo do fogar e do cuidado. A comezar por:



- a) Dar cumprimento ao artigo 29.3 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade e realizar as actuacións necesarias para que no primeiro semestre de 2020 estea en marcha o desenvolvemento dunha nova Conta Satélite da Produción doméstica.
- b) Realizar as actuacións necesarias para que no ano 2020 se desenvolva un profundo estudo, en colaboración coa universidade galega, do reparto do tempo nos fogares galegos.
- c) Comprometerse a iniciar a elaboración Plan de Dignificación e Visibilización dos Coidados co fin de valorizar e divulgar entre o conxunto da poboación galega a súa relevancia económica e social e as consecuencias que supón para o exercicio dos dereitos das mulleres o desequilibrio que persiste na actualidade así como as vantaxes sociais dun reparto equitativo dos tempos entre homes e mulleres.

3.- Demandar da Xunta de Galiza a asunción dos programas relativos á Dependencia para garantir a súa prestación universal e en igualdade para todas as persoas usuarias, sen que iso dependa do Concello de residencia (con capacidades económicas diferentes, e que fai que por exemplo, os Concellos máis pequenos do interior xeralmente cunha media de idade máis alta, teñan que suspender a prestación dos servizos por non poder facer fronte ao complemento que a Xunta obriga a pagar aos Concellos). Transitoriamente, demandar da Xunta de Galiza e do Goberno central, o incremento da súa dotación orzamentaria de forma que se garanta a continuidade dos servizos e se melloren as condicións laborais e salariais das traballadoras.

### C.- Rogos e preguntas.

1º) O Presidente aclara que hai un primeiro rogo, (1º) do grupo municipal do PP, formalmente presentado o 10/02/2020 (RE 202099900000247) como “moción para la confección de un plano da rede de sumideros y de pluviales de las calles Venezuela y A Lagoa”. Expón o rogo o sr. García Cotelo, pedindo que se actualice e complete a información que se lles facilitou. A sra. Pardo comenta que lles parece acaido este rogo. O sr. Fariña explica que se está a traballar na confección dos planos e que se facilitarán sen problema ningún cando estean rematados. O Presidente di que se trata dun sistema unitario precario que se foi mellorando de forma substancial, tanto en saneamento como en pluviais, e que se necesitan actualizar os planos.

2º) O Presidente aclara que hai un segundo rogo, (2º) do grupo municipal do PP, formalmente presentado o 25/02/2020 (RE 202099900000435) como “moción para que se acometa la redacción del plan especial PERI-D3.6 *rúa Lagoa* y se inicie la gestión del ámbito”. Expón este segundo rogo tamén o sr. García Cotelo, instando ao cumprimento do Plan Xeral. O Presidente amosa a súa conformidade e explica as accións xa realizadas.

3º) O Presidente aclara que hai un terceiro rogo, (3º) do grupo municipal do PP, formalmente presentado o 25/02/2020 (RE 202099900000437) como “moción para solicitar informe de viabilidad a Augas de Galicia acerca de situar un nuevo centro de salud en las parcelas barajadas”. Expón este terceiro rogo a sra. García, para os efectos de que se solicite o preceptivo informe ao organismo de conca con relación ás tres parcelas a que se fai referencia. O Presidente está de acordo pero que antes é necesario saber se a parcela lle vai valer ao Sergas.

4º) O Presidente aclara que hai un cuarto rogo, primeiro (1º) do grupo municipal socialista, formalmente presentado o 26/02/2020 (RE 202099900000447) como “moción sobre realización de consulta cidadá previa á demolición do náutico”. Le o rogo a sra. Pardo, rogando que se respecte o pacto coa cidadanía e que se realice unha consulta para respectar o mandato cidadá previa a calquera actuación co antigo edificio “O Náutico”, e remata pedindo que se inclúa este punto na orde do día do vindeiro pleno ordinario para poder debatelo e votalo e pedindo tamén o apoio das forzas da Corporación para que se poida levar a votación nunha próxima sesión. A sra. García explica e defende a postura do seu grupo municipal, pedindo que se lles deixe decidir aos veciños sobre este asunto. A sra. Reimúndez e a sra. Nogareda defenden os pactos de goberno. O alcalde anuncia unha inminente licitación para a demolición en cumprimento do seu programa apoiado pola veciñanza e o pacto de



gobierno; a sra. Pardo puntualiza que a veciñanza apoiou a todas as forzas representadas e que as restantes forzas non levaban a demolición no seu programa.

O sr. Blanco expón unha pregunta e un rogo por parte do grupo municipal Socialista:

1) Pregunta logo dunha introdución para os efectos cal é a idea que se ten por Sadamaioría sobre o bordo litoral, como encaixa a rúa da praia nese proxecto e como afecta ao edificio de La Sociedad. O alcalde aclara que La Sociedad está dentro do dominio público marítimo-terrestre.

2) Fai un segundo rogo por parte do seu grupo, esta vez con respecto do edificio de La Sociedad, para que se elabore un informe pormenorizado sobre a súa situación xurídica que inclúa, de ser o caso, as distintas solucións pensadas para a continuidade da entidade social e que se debatan neste pleno as distintas propostas.

A sra. Pardo continúa a presentar os rogos do grupo municipal Socialista:

1) Presenta o terceiro rogo do seu grupo, que consiste en que para cando se proxecten as obras como as de asfaltado se programen convenientemente os tempos para minimizar as molestias aos veciños.

2) Roga, como cuarto do seu grupo, que cando se proxecten as obras como as de asfaltado das rúas que se programen para se efectuar polo día con percorridos alternativos para o tráfico para minimizar as molestias ocasionadas aos veciños e preservar o seu descanso.

3) Roga, como quinto do seu grupo, que se preste atención aos servizos contratados, poñendo como exemplo o da iluminación pública, con constantes apagamentos en distintas zonas do concello e cunha empresa contratada en situación de precario que habería que regularizar.

A sra. Pardo continúa presentando as súas preguntas:

1) Pregunta á sra. Nogareda cal é a postura do grupo municipal de Alternativa dos Veciños con respecto das piscinas no paseo marítimo. A sra. Nogareda di que é a establecida no pacto. A sra. Pardo dille que iso entra en contradición cunha publicación saída recentemente nun diario, que amosa e le, onde critican e rexeitan as propostas sobre as ditas piscinas.

2) Pregunta ao alcalde se é de obrigado cumprimento o código ético de Sadamaioría no seu apartado de compromiso e transparencia e participación cidadá. Logo de responder o alcalde en sentido afirmativo, a sra. Pardo di que daquela lles gustaría que optasen por esa participación cidadá.

3) Pregunta á sra. Reimúndez pola continuidade ou non do pacto de goberno, lembrándolle a súa defensa do pacto polo satisfactorio para o BNG de que aínda que o Náutico caería construíriáanse as piscinas no paseo marítimo e as declaracións para os efectos das piscinas do grupo de Alternativa dos Veciños. A sra. Reimúndez aclara que logo da nota de prensa de Alternativa dos Veciños reuníronse os tres grupos que conforman o goberno, aclararon as súas discrepancias e decidiron manter o proxecto para a construción das piscinas.

Toma a palabra o sr. Fariña, concelleiro delegado de Obras e Servizos, para aclarar varias cuestións: no que atinxe ao horario para os asfaltados das rúas, di que se fan pola noite por consello dos técnicos para acurtar o tempo da execución; que nas obras sempre poden aparecer imprevistos, como neste caso unha avaría dunha das máquinas; da explicacións tamén sobre os colectores do lixo, que afirma que estaban apartados sobre a beirarrúa e baleiros; con relación á iluminación pública, di que é certo que está en precario pero explica que as incidencias estanse a atender e refírese a algún expemplo. A sra. Pardo faille algunhas puntualizacións.

O sr. Tellado fai as seguintes preguntas e rogos:

1) Pregunta sobre as tres localizacións dos terreos do centro de saúde se teñen incorporados informes técnicos indicando que son aptos. O Presidente contesta que o PXOM tiña uns informes técnicos que avaliaban a parcela proposta aínda que non os hai para as alternativas a maiores. O sr Tellado remata rogando que se lle facilite en concreto o acceso á documentación que se lle enviou ao sr. Luis Verde.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G010/000002

2) Refírese a unha pregunta que fixo na sesión do 30 de xaneiro, sobre os empregados que estiveran a traballar o día 26 de decembro, porque se lle contestou con relación ao 30 de xaneiro, polo que roga que se lle conteste, entrando nun debate coa sra. Taibo, que di que se lle ha contestar. O Presidente tamén indica que se lle contestará con relación ao 26 de decembro, e aproveita para explicar que o 30 de decembro é un día laborable e polo tanto unha data de celebración. O sr. Tellado refírese tamén a outras preguntas anteriores que di que nos se lle contestaron.

3) Pregunta tamén sobre adxudicación e pola relación dos nenos para unha viaxe á neve en Manzaneda organizada pola Deputación. Contesta a sra. Nogareda que a adxudicación é por sorteo e en canto á relación dos nenos que non ten claro que lla poida facilitar pola Lei de protección de datos.

A sra. García reitera un rogo que efectuou na última sesión, para que se faga efectivo o pagamento do segundo prazo da axuda de custo do transporte escolar do curso pasado, 2018-2019, e do primeiro prazo do deste.

A sra. Salorio efectúa as seguintes preguntas:

1) Pregunta como aclaración sobre as obras do tramo da estrada DP-0812 entre o Rompeolas e o Instituto se xa que a estrada é da Deputación as obras son tamén da Deputación ou do Concello. O sr. Fariña contesta que as contratou a Deputación e o Presidente engade que se trata de obras de conservación de estradas onde o papel do Concello consiste en determinar cal son as estradas con máis necesidades.

2) Pregunta como se decide a colocación dos bolardos, referíndose en particular aos colocados á entrada de Fontán. O sr. Fariña explica que nese caso é para evitar que os vehículos poidan aparcar dificultando ou mesmo impedindo o paso de cadeiras de rodas e peóns ou a saída dun garaxe.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 23 minutos do día xoves 27 de febreiro de 2020, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder na seguinte ligazón:

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).